

NORMATIVA DA UDC PARA ESTUDOS DE DOUTORAMENTO (ESTABLECIDOS NO REAL DECRETO 1393/2007)

O Real decreto 189/2007 dispón una modificación do Real decreto 56/205 en virtude da cal o proceso de extinción dos programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 deberá comezar, con data límite, o 1 de outubro de 2009. Algúns programas regulados por este real decreto xa iniciaron ou iniciarán o dito proceso de extinción con antelación á dita data e os restantes ofertaranse por última vez no curso 2008-2009, mentres que no curso 2009-2010 só se ofertarán os traballos tutelados. Así mesmo, establecerase un proceso transitorio para a finalización da etapa de formación dos ditos estudos para aqueles alumnos que unha vez iniciado o proceso de extinción dun programa de doutoramento non realizaran os créditos precisos para completaren a etapa de formación.

Os actuais estudos de doutoramento regulados polo Real decreto 56/2005 regularanse consonte ao que prevexa a lexislación para eses estudos de doutoramento.

A partir do curso 2009-2010 os programas de doutoramento de nova implantación deberán adecuarse ao Real decreto 1393/2007.

A seguintes liñas xerais, obrigatorias na Universidade da Coruña (UDC), regulan a titulación de doutor, establecida no Real decreto 1393/2007, e especifican os requisitos que deben cumprir os programas de doutoramento a través dos que se pode chegar a elaborar e presentar a tese de doutoramento para obter o correspondente título de doutor. A elaboración destas normas aterase ao que establece o Real decreto 1393/2007 e as *Liñas xerais para estudos de máster universitario da UDC*.

PRINCIPIOS XERAIS

Denomínase programa de doutoramento ao conxunto organizado de todas as actividades formativas e de investigación conducentes á obtención do título de doutor, tal e como consta no artigo 18 do Real decreto 1393/2007.

As facultades e escolas, os departamentos e os institutos universitarios de investigación poderán desenvolver programas de doutoramento.

As facultades e escolas responsables dun máster universitario poderán desenvolver o correspondente programa de doutoramento, para o que terán que contar cos departamentos e/ou institutos de investigación en que se realizará o período de investigación. As facultades e escolas aprobarán e trasladarán as iniciativas de programa de doutoramento, se proceder, á Comisión de Posgrao.

Os departamentos e institutos universitarios poderán desenvolver programas de doutoramento sempre que se desenvolvan no seu ámbito exclusivo. Neste caso os departamentos e institutos universitarios de investigación deberán aprobar as propostas dos programas de doutoramento e trasladalas, se proceder, á Comisión de Posgrao. Nos restantes casos, os programas de doutoramento serán desenvolvidos no centro con maior implicación neles.

A UDC poderá aprobar doutoramentos de carácter interuniversitario, mediante convenios entre a UDC e outras institucións. As propostas deberán ser aprobadas por todas as universidades participantes. Os convenios deberán reflectir os centros/departamentos/institutos participantes da UDC e as condicións de participación: académica, científica e económica. Deberán especificarse as condicións de matrícula e de expedición de títulos dos alumnos do doutoramento polas

universidades correspondentes.

ESTRUTURA XERAL DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Cada programa de doutoramento estará estruturado en dous períodos diferenciados: un período de formación ao que lle seguirá un período de investigación.

Do período de formación dos programas

1. O período de formación dos programas de doutoramento consistirá en, cando menos, 60 créditos ECTS que formen parte da oferta docente dun ou varios másteres universitarios oficiais.
2. Excepcionalmente, e por razóns de interese estratéxico da UDC ou por motivos científicos que aconsellen a formación de doutores nun ámbito determinado, un programa de doutoramento poderá establecer como período de formación 60 créditos de nivel de posgrao que estean configurados por actividades formativas non incluídas nun máster oficial (consonte ao previsto no artigo 19.2.a do Real decreto 1393/2007). En todo caso, para a aprobación deste tipo de período de formación tamén cumprirá contar co informe favorable da axencia avaliadora que corresponder.
3. O programa deberá especificar cal ou cales son as materias ou actividades formativas que conforman o período de formación e de que máster ou másteres oficiais forman parte.
4. Para acceder a un programa de doutoramento no seu período de formación será necesario estar na posesión dun título universitario español ou outro expedido por unha institución de educación superior do EEES que faculte no país expedidor do título para o acceso aos estudos de doutoramento ou de máster universitario. Así mesmo, poderá acceder o alumando titulado conforme a sistemas educativos alleos ao EEES sen necesidade de homologación dos seus títulos, previa comprobación pola UDC de que aquel acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento ou de máster universitario (tal e como se establece no artigo 19.2 do Real decreto 1393/2007).
5. Os procedementos e criterios de admisión para o período de formación deberán ter en conta o previsto polo máster ou másteres oficiais contemplados polo programa de doutoramento para a realización do mencionado período.
6. Cando o período de formación dun programa de doutoramento forme parte dun único máster universitario oficial, o alumnado dese máster que desexe adscribirse ao programa no período de formación deberá solicitar a admisión no dito programa.
7. Cando o período de formación dun programa de doutoramento forme parte de varios másteres universitarios oficiais, os/as estudantes deberán formalizar a matrícula en materias deses másteres, de entre as previstas polo programa de doutoramento para o período de formación, de acordo co que prevexan as normas de matrícula da UDC para tales casos.

Do período de investigación dos programas

1. No período de investigación o alumnado realizará tarefas de investigación encamiñadas a presentar a tese de doutoramento.

2. Para acceder a un programa de doutoramento no seu período de investigación será preciso ter superado 60 créditos nun ou varios másteres universitarios. De xeito excepcional poderán acceder ao período de investigación aqueles/as estudantes que acrediten 60 créditos de nivel de posgrao que foran configurados, de acordo coa normativa da UDC, por actividades formativas non incluídas en másteres universitarios (consonte ao previsto no punto 2 relativo á línea “Período de formación dos programas” destas *Liñas xerais*). Tamén se poderá acceder ao período de investigación estando na posesión dun título de grao cuxa duración, consonte ás normas de dereito comunitario, sexa de cando menos 300 créditos.
3. O programa de doutoramento deberá establecer os procedementos e criterios de admisión correspondentes ao período de investigación, e especificar tanto os establecidos para o estudiantado que realizara o período de formación segundo o programa, como para o que o fixera á marxe do programa (xa sexa na UDC, xa noutras universidades ou centros do EEES, ou en universidades ou centros alleos a el).
4. O estudiantado admitido no período de investigación formalizará cada curso académico a súa matrícula, que lle outorgará o dereito á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e á plenitude de dereitos previstos pola normativa para o estudiantado de doutoramento.
5. O estudiantado admitido e matriculado no período de investigación dun programa de doutoramento deberá inscribir, xunto coa primeira matrícula nese período, o proxecto de tese de doutoramento, que se consignará no correspondente rexistro da UDC. A inscrición da tese requirirá a súa vinculación a un departamento, instituto de investigación ou centro tecnolóxico. Isto comportará a asignación dun director ou directora que será un/unha doutor/a, con experiencia investigadora acreditada consonte a criterios que fixe o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC. A tese poderá ser codirixida por outros doutores.

Da tese de doutoramento e da mención europea do título de doutor

1. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación elaborado polo/a candidato/a e deberá atermos ao previsto no artigo 21 do Real decreto 1393/2007 e ao que determine o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC.
2. O título de doutor pode ter unha mención europea. A dita mención no título de doutor deberá atermos ao previsto no artigo 22 do Real decreto 1393/2007 e ao que determine o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC.

COORDINADOR/A DO PROGRAMA E COMISIÓN E ACADÉMICA

1. Cada programa de doutoramento deberá ter unha Comisión Académica, da que formará parte a persoa responsable do dentro, departamento ou instituto responsable do programa.
2. A Comisión Académica dun programa de doutoramento debe velar pola súa calidade.
3. Cada programa de doutoramento nomeará entre os membros da comisión académica un/ha coordinador/a que actuará en representación do programa.

4. No caso de programa de doutoramento de carácter interuniversitario articularanse o mecanismos necesarios de coordinación.

O Regulamento de estudos de doutoramento da UDC desenvolverá a normativa correspondente tanto á Comisión Académica como ao/a coordinador/a de cada programa de doutoramento.

IMPLANTACIÓN DOS NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO E EXTINCIÓN DOS ACTUAIS

Implantación de novos programas de doutoramento por transformación e extinción dos actuais

A proposta dun novo programa por transformación a partir dos actuais programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 requirirá que se satisfaga algunha das seguintes situacións:

- a) Provir dun programa actual con mención de calidade. Se ademais é interuniversitario deberá acreditar actividade na UDC consonte a criterios que determinará o Consello de Goberno
- b) Provir dun único programa actual cumprindo:
 - un número mínimo de estudantes matriculados na UDC cada ano na etapa de formación, durante os tres últimos cursos (atendendo ao mínimo esixido na lexislación vixente para másteres oficiais de perfil académico-investigador e de doutoramento, que na actualidade é de 10 matriculados);
 - niveis de calidade acreditados no concenrente tanto a teses defendidas nos tres últimos anos no vello programa, como a docentes doutores vinculados ao novo programa. Os programas interuniversitarios deberán acreditar actividade na UDC nos tres últimos anos. Correspóndelle ao Consello de Goberno fixar os criterios concretos para acreditar niveis de calidade e, no caso dos interuniversitarios, os mínimos de actividade na UDC.
- c) Provir de varios programas actuais que se xuntan para facer un novo programa cunha oferta coherente, de xeito que o conxunto de programas actuais cumpran os requisitos establecidos na anterior alínea b).

Implantación de novos programas de doutoramento

1. A proposta dun novo programa de doutoramento requirirá que se fixe como obxectivo (cuxa viabilidade debe ser xustificada) ter un número de estudantes adscritos ao programa nos seguintes dous anos e niveis de calidade no concenrente a docentes doutores vinculados ao novo programa. Os programas interuniversitarios deberán establecer como obxectivo actividade na UDC nos próximos dous anos. Correspóndelle ao Consello de Goberno fixar os criterios concretos para acreditar niveis de calidade e, no caso dos interuniversitarios, os mínimos de actividade na UDC.
2. As novas propostas de programas de doutoramento, para a súa tramitación, deberán satisfacer os requisitos previstos pola lexislación vixente e cubrir a documentación requirida para tales efectos.

3. A proposta de implantación dos novos programas requirirá do pronunciamento favorable do Consello de Goberno da UDC. A Comisión de Posgrao elaborará o seu informe en relación con cada proposta de programa de doutoramento, para a toma de decisión do Consello de Goberno.

Extinción dos actuais programas de doutoramento

1. Según o R.D. 189/2007, a data límite para iniciar a extinción dos programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 é a de 1 de outubro de 2009. En calquera caso estará ao abeiro da lexislación vixente.
2. O estudantado que iniciara estudos de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias poderá acceder aos novos programas de doutoramento, consonte ao previsto no Real decreto 1393/2007, tras ser admitido nel conforme a normativa que desenvolva a UDC. En todo caso, de querer seguir vinculado aos estudos de doutoramento en proceso de extinción, seralles de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento e de expedición do título de doutor polas que iniciara os ditos estudos (tal e como prevé a disposición transitoria terceira do Real decreto 1393/2007).

SOLICITUDES E APROBACIÓN DE NOVOS TÍTULOS

Os trámites para a proposta de creación dun programa de doutoramento serán:

- 1.- Solicitud que se realizará, segundo o indicado no Anexo I do Real decreto 1393/2007 e nas normas que para o seu desenvolvemento se estableceren na UDC.
- 2.- A proposta de solicitud será revisada polas Vicerreitorías e Servizos competentes en cada un dos ámbitos descritos na memoria do devandito Anexo 1 do Real decreto.
- 3.- A Comisión de Posgrao estudará anualmente as solicitudes recibidas e trasladará a proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación. O calendario de presentación de novas propostas ou modificacións, no seu caso, de programas de doutoramento será aprobado polo Consello de Goberno a proposta da Comisión de Posgrao.
- 4.- Logo do informe do Consello Social e tras as avaliacións que se consideraren oportunas, trasladarase a proposta de oferta de estudos para a súa verificación e aprobación ao Consello de Universidades e á Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTACION E CONDICIÓN XERAIS PARA OS NOVOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

1. As Vicerreitorías que correspondan velarán para que se poña a disposición das comisións que elaboren as propostas dos Másters Universitarios a documentación que esixe o Anexo 1 do RD 1393/2007.
2. O Consello de Goberno establecerá todas aquelas normas que se estimen necesarias para o desenvolvemento e adaptación ao novo marco de estudos de doutoramento.
3. A proposta dun novo programa de doutoramento deberá asegurar unha demanda mínima de 10 alumnos/as.
4. Considérase extinguido o programa de doutoramento que non supere o proceso de acreditación segundo o previsto no artigo 28.3 do Real decreto

1393/2007.

5. O Consello de Goberno da UDC deberá aprobar un *Regulamento de estudos de doutoramento* que recolla a normativa pola que se deben rexer tales estudos na nosa Universidade e desenvolva estas *Liñas xerais* para o título de doutor da UDC.

ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS E TRANSFERENCIA E RECOÑOCIMETO DE CRÉDITOS

O Consello de Goberno da UDC aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos.

INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE UNIVERSIDADES, CENTROS E TÍTULOS (RUCT), ACREDITACIÓN, RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN E MODIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

As propostas de programas de doutoramento ateranse ao previsto no Real decreto 1393/2007 e nas *Liñas xerais do Consello Galego de Universidades* respecto a inscrición no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación súa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria 1. As titulacións de doutoramento xa aprobadas na UDC e reguladas polo Real decreto 56/2005 adaptaranse ao disposto nestas *Liñas xerais* segundo o que prevega a lexislación para eses estudos de doutoramento e determine o Consello de Goberno da UDC.

Disposición transitoria 2. Será de aplicación subsidiaria e no que non se opoña a estas *Liñas xerais* o Regulamento de estudos oficiais de posgrao e o Regulamento de estudos de doutoramento vixentes na UDC e a Normativa de xestión académica do curso que corresponda.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade